

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Alumnado

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	CIFP Manuel Antonio	Vigo	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza			Ciclo formativo/Curso de especialización			Grao	
Graos D: Ciclos formativos			D3SAN000100 - Audioloxía protésica			A	
Módulo							
Tipo de oferta			Modalidade		Réxime dual	Grupo	
Réxime modular			Presencial		Xeral	A	
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro			
1	50	60	50	26			

Profesorado responsable

Docentes
Rivas Villa, Patricia

Contido	Páxina
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	9
Criterios de cualificación e recuperación	9
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	10
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	10
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	11
Programación da educación en valores.	11
Actividades complementarias e extraescolares.	12
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	12
Outros apartados.	12

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Decreto 70/2010, do 8 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en audioloxía protésica.

Identificación:

- Denominación: audioloxía protésica.
- Nivel: formación profesional de grao superior.
- Duración: 2.000 horas.
- Familia profesional: sanidade.
- Referente europeo: CINE - 5b (Clasificación Internacional Normalizada da Educación).

Perfil profesional

O perfil profesional do título de técnico superior en audioloxía protésica determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Competencia xeral

A competencia xeral deste título consiste en seleccionar e adaptar próteses auditivas realizando a avaliación audiolóxica, o seguimento da persoa usuaria e o mantemento de próteses, así como determinar medidas de protección acústica a partir da avaliación dos niveis sonoros.

Contorno profesional

1. Este profesional exerce a súa actividade no sector sanitario público e privado, Páxina 13 en empresas privadas do sector, en gabinetes audioprotésicos e en prevención de efectos de ruído ambiental.

Ocupacións e postos de traballo

Técnico/a superior en audioprótese. - Técnico/a especialista audioprotesista. - Técnico/a en elaboración de moldes e protectores auditivos. - Técnico/a en medición de nivel sonoro. - Audiometrista.

Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	A BÚSQUEDA DE EMPREGO	Nesta unidade o alumnado planifica e pon en práctica estratexias eficaces para participar en procesos selectivos de emprego, elaborando o seu currículo e carta de presentación, preparando entrevistas e empregando ferramentas dixitais de procura activa. O obxectivo é mellorar as súas posibilidades de inserción laboral e desenvolver unha actitude proactiva e profesional ante o acceso ao mercado de traballo.	20	5
2	COMPETENCIAS PERSOAIS, SOCIAIS E EMOCIONAIS	Nesta unidade o alumnado aplica estratexias vinculadas coas competencias persoais, sociais e emocionais necesarias para o emprego, desenvolvendo habilidades como a comunicación, a empatía, o traballo en equipo, a xestión emocional e a resolución de conflitos. O obxectivo é mellorar a súa empregabilidade a través dun comportamento profesional responsable, colaborativo e equilibrado.	20	5
3	EMPRENDIMIENTO, INNOVACIÓN E SOSTENIBILIDADE	Nesta unidade o alumnado pon en práctica habilidades emprendedoras clave para a innovación e a investigación aplicada, promovendo a creatividade, a iniciativa e o traballo colaborativo. A través de proxectos e dinámicas prácticas, foméntase a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible, integrando a responsabilidade social, o uso eficiente dos recursos e o compromiso co desenvolvemento económico e ambiental.	10	2

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
4	CLIENTE, ENTORNO E MARKETING	Nesta unidade o alumnado identifica, define e valida ideas de emprendemento a partir da análise da contorna socioproductiva e das necesidades reais do mercado. Empregaranse metodoloxías áxiles de emprendemento (como Design Thinking ou Lean Startup) para xerar novas oportunidades de negocio innovadoras, sostibles e viables, favorecendo o pensamento crítico, a creatividade e a iniciativa persoal.	25	7
5	O PROXECTO EMPRENDEDOR	Nesta unidade o alumnado desenvolve un proxecto emprendedor con enfoque de innovación social e/ou tecnolóxica, en colaboración coa contorna próxima (comunidade educativa, entidades ou empresas). A través do traballo en equipo e das metodoloxías áxiles, promóvese a creatividade, a responsabilidade social e o espírito emprendedor, aplicando solucións innovadoras a necesidades reais do contexto.	25	7

Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	A BÚSQUEDA DE EMPREGO	5

Criterios de avaliación
RA1 - Planifica e pon en marcha estratexias nos procesos selectivos de emprego que lle permiten mellorar as súas posibilidades de inserción laboral
CA1.1 - Determináronse as técnicas utilizadas actualmente no sector para o proceso de selección de persoal.
CA1.2 - Desenvolvéronse estratexias para a procura de emprego relacionadas coas técnicas actuais máis utilizadas contextualizadas ao sector.
CA1.3 - Valoráronse as actitudes e as aptitudes que permiten superar procesos selectivos no sector privado e no sector público.
CA1.4 - Construíuse unha marca persoal identificando as necesidades do mercado actual, as súas habilidades, as súas destrezas e a súa achega de valor.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Procesos selectivos de emprego: estratexias para a inserción laboral.
Técnicas de recrutamento e selección de persoal que marcan tendencia.

Contidos
Análise e selección de ofertas segundo o perfil profesional persoal. Oportunidades de emprego en Europa.
Actualización de currículum vitae. Estratexias para a superación dun proceso selectivo. Importancia da actitude e das habilidades brandas no proceso de selección.
Estratexias de procura de emprego: recursos, feiras de emprego, portais dixitais e redes sociais profesionais.
Creación da marca persoal. Autoanálise, valor diferencial e visibilidade ante o mundo laboral.
Oportunidades de emprego en Europa. Pasaporte Europeo de Competencias Europass.

UD	Título da UD	Duración
2	COMPETENCIAS PERSONAIS, SOCIAIS E EMOCIONAIS	5

Criterios de avaliación
RA2 - Aplica estratexias relacionadas coas competencias persoais, sociais e emocionais para o emprego en procura da mellora da súa empregabilidade
CA2.1 - Valorouse a importancia das competencias persoais e sociais na empregabilidade no sector de referencia.
CA2.2 - Participouse activamente no establecemento dos obxectivos do equipo e na toma de decisións deste, e asumíuse a responsabilidade das accións e das decisións do grupo, participando activamente no logro duns obxectivos compartidos, cooperando con outras persoas e compartindo o liderado.
CA2.3 - Incorporáronse ao propio proceso de aprendizaxe as técnicas e os recursos de presentación e de comunicación, tanto orais como escritos, adecuados para unha comunicación efectiva e afectiva, sendo quen de os adaptar a cada situación e ás circunstancias, valorando as oportunidades e as dificultades que ofrece cada unha.
CA2.4 - Aplicáronse técnicas e estratexias para a xestión do tempo dispoñible, para alcanzar os obxectivos tanto individuais como do equipo, e programáronse as actividades necesarias.
CA2.5 - Aplicáronse estratexias para canalizar as emocións amosando unha actitude flexible nas relacións con outras persoas.
CA2.6 - Desenvolvéronse estratexias para a programación de actividades, atendendo a criterios de organización eficiente e prevendo as posibles dificultades.
CA2.7 - Reaccionouse de xeito flexible e positivo ante conflitos e situacións novas, aproveitando as oportunidades e xestionando as dificultades, facendo uso de estratexias relacionadas coa intelixencia emocional.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Competencias persoais, sociais e emocionais: estratexias para a mellora da empregabilidade.
Importancia das competencias clave e das habilidades sociais máis relevantes relacionados coa empregabilidade.
Equipos de traballo. Construción e desenvolvemento dun equipo de traballo. Os 5C do traballo en equipo. Ferramentas colaborativas e valoración de equipos de traballo.

Contidos
A comunicación: planificación, deseño e organización do contido. Desenvolvemento das habilidades da comunicación verbal e non verbal. Técnicas de comunicación asertiva.
Xestión eficaz do tempo. Estratexias para a xestión eficaz do tempo e a mellora da produtividade. Métodos para a optimización do tempo na xestión de proxectos.

UD	Título da UD	Duración
3	EMPRENDIMIENTO, INNOVACIÓN E SOSTENIBILIDADE	2

Criterios de avaliación
RA3 - Pon en práctica as habilidades emprendedoras necesarias para o desenvolvemento de procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo cara a un modelo sostible.
CA3.1 - Identifícase o concepto de innovación e a súa relación coa construción dunha sociedade máis sostible que mellore o benestar dos individuos.
CA3.2 - Analizáronse as metodoloxías para emprender e a súa importancia para favorecer a innovación e como fonte de creación de emprego e de benestar social.
CA3.3 - Aplicáronse as habilidades emprendedoras necesarias para promover o emprendemento e o intraemprendemento.
CA3.4 - Púxose en práctica o traballo colaborativo como requisito para o desenvolvemento de procesos de innovación.
CA3.5 - Desenvolveuse a competencia dixital necesaria para a mellora dos procesos de innovación e investigación aplicadas que promovan a modernización do sector produtivo.
CA3.6 - Incorporáronse os obxectivos das políticas e das iniciativas relacionadas coa sostibilidade e o ambiente, á estratexia empresarial enfocada ao desenvolvemento dun modelo económico e social sostible.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Habilidades emprendedoras para a modernización e sostibilidade do sector produtivo.
Creatividade e innovación. Concepto, características e tipos. A innovación como motor de cambio cara ao desenvolvemento sostible.
A cultura emprendedora como fonte de emprego. Análise das metodoloxías para o fomento da creatividade, o emprendemento e a innovación.
Identificación, autoanálise e desenvolvemento das principais competencias e habilidades para o emprendemento e o intraemprendemento.
Traballo colaborativo: concepto, características e vantaxes. A súa importancia para a innovación.
A competencia dixital como fonte de innovación no sector profesional. Impacto da intelixencia artificial.
A axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) integrados na estratexia empresarial.

Contidos
A Axenda 2030 e os obxectivos de desenvolvemento sostible

UD	Título da UD	Duración
4	CLIENTE, ENTORNO E MARKETING	7

Criterios de avaliación
RA4 - Identifica, define e valida ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades a partir de estratexias de análise da contorna socioproductiva utilizando metodoloxías áxiles para o emprendemento
CA4.1 - Identifícanse os problemas das persoas destinatarias potenciais do proxecto emprendedor como paso previo á proposta de solucións que se convertan en oportunidades.
CA4.2 - Púxose en práctica o proceso creativo co fin de conseguir unha idea emprendedora que achegue valor económico, social e/ou cultural.
CA4.3 - Deseñouse un modelo de negocio e/ou xestión derivado da idea emprendedora.
CA4.4 - Incorporáronse valores éticos e sociais á idea emprendedora analizando modelos de balance social.
CA4.5 - Analizouse a contribución da economía circular e da economía do ben común ao desenvolvemento dun modelo económico e social baseado na equidade, a xustiza social e a sostibilidade.
CA4.6 - Analizáronse os principais compoñentes da contorna xeral e específica, e o seu impacto na idea emprendedora.
CA4.7 - Realizáronse entrevistas de problema para validar o perfil e o problema das persoas destinatarias da idea emprendedora.
CA4.8 - Validouse a solución mediante a creación de prototipos, procurando o encaixe entre problema e solución.
CA4.9 - Experimentouse coa posta en práctica de estratexias de márketing para desenvolver destrezas en técnicas de comunicación e venda.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Ideas de emprendemento xeradoras de novas oportunidades
Análise da contorna socioproductiva. Identificación de problemas e necesidades de mercado, e propostas de solucións.
Fomento da creatividade no emprendemento. Técnicas para a xeración de ideas. Influencia no desenvolvemento económico e social.
Deseño do modelo de negocio segundo o sector productivo. Proposta de valor.

Contidos
Cultura empresarial e imaxe corporativa. Desenvolvemento sostible aplicado ao modelo de negocio proposto. Simulación dun balance social.
Economía circular e do ben común. Valores. Desenvolvemento de proxectos baseados na equidade, na xustiza social e na sostibilidade.

UD	Título da UD	Duración
5	O PROXECTO EMPRENDEDOR	7

Criterios de avaliación
RA5 - Desenvolve un proxecto emprendedor de innovación social e/ou tecnolóxica aplicada en colaboración coa contorna
CA5.1 - Analizáronse os conceptos básicos do emprendemento e da innovación social.
CA5.2 - Reflexionouse sobre a necesidade do liderado ético e sostible nas organizacións.
CA5.3 - Reflexionouse sobre a tecnoloxía como base para o cambio do modelo produtivo.
CA5.4 - Puxéronse en marcha as estratexias propias do pensamento de deseño para detectar necesidades sociais e ambientais.
CA5.5 - Analizáronse os elementos do deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.
CA5.6 - Aliñáronse metas de desenvolvemento sostible co deseño de modelos de negocio ecosociais e/ou de base tecnolóxica.
CA5.7 - Aplicáronse as estratexias necesarias para analizar a viabilidade do proxecto emprendedor.
CA5.8 - Investigáronse as opcións financeiras socialmente responsables.
CA5.9 - Definíronse os axentes implicados no proxecto, así como a súa participación neste.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Proxecto emprendedor.
Emprendemento e innovación social: conceptos. Valores éticos, sostibilidade, impacto ambiental e importancia da dixitalización no proxecto emprendedor.
A tecnoloxía como motor para a transformación do modelo produtivo. Tendencias tecnolóxicas que se inclúen no emprendemento.

Contidos
Principios e procesos do pensamento de deseño. Ferramentas para identificar e abordar necesidades sociais e ambientais.
Identificación das partes interesadas relevantes para o proxecto emprendedor. Servizos públicos e privados de asesoramento na xestión e na posta en marcha dunha empresa.
Desenvolvemento do proxecto emprendedor. Estratexias para a creación de modelos de negocio sostibles e tecnolóxicos. Fórmulas de economía social.
Investimentos e fontes de financiamento socialmente responsables. Subvencións.

Procedemento de avaliación inicial.

Durante as primeiras semanas do curso realizarase unha avaliación inicial co obxectivo de obter información sobre o nivel de partida do alumnado. Para iso, aplicarase unha proba escrita de carácter básico que incluírá preguntas de cultura xeral e cuestións relacionadas cos contidos do módulo, cun enfoque diagnóstico e non cualitativo.

Esta proba permitirá detectar posibles dificultades, coñecer o grao de dominio das competencias básicas e valorar aspectos como a comprensión lectora, a expresión escrita e o manexo de conceptos fundamentais. Os resultados servirán como orientación para axustar a metodoloxía, os recursos e a planificación inicial segundo as necesidades do grupo.

Na primeira reunión do equipo docente farase unha posta en común dos resultados desta avaliación inicial, e quedará constancia da mesma na acta da sesión, coa finalidade de detectar posibles dificultades e planificar medidas de apoio desde o inicio do curso.

Criterios de cualificación e recuperación

Procedemento e criterios de cualificación:

As cualificacións expresaranse en cifras enteiras, de 1 a 10. Cada proba será cualificada sobre 10 puntos, e a cualificación mínima para considerarse superada será de 5.

Para superar unha unidade didáctica será necesario obter unha nota mínima de 5 puntos e ter superados todos os criterios mínimos esixibles.

A nota de cada unidade obterase mediante a media ponderada dos criterios superados. A cualificación de cada avaliación trimestral calcularase como media ponderada das unidades impartidas nese período. A nota final do módulo calcularase aplicando a seguinte fórmula:

$$CF = 0,20 \cdot UD1 + 0,20 \cdot UD2 + 0,10 \cdot UD3 + 0,25 \cdot UD4 + 0,25 \cdot UD5$$

Para superar o módulo será imprescindible ter avaliadas positivamente ambas unidades formativas.

Poderán realizarse probas escritas e actividades ou traballos.

As probas poderán centrarse nunha ou varias unidades, e poderán conter preguntas tipo test, verdadeiro ou falso, de resposta curta, de desenvolvemento e casos prácticos.

A UD1 e a UD5 valoraranse cun traballo e o resto das UD con probas escritas.

Non se permitirá o uso de móbiles, tabletas nin outros dispositivos de comunicación durante as probas. En caso de copia ou fraude, a cualificación será un 0 e o alumnado perderá o dereito a repetir a proba. As tarefas entregadas fóra de prazo ou por vías non indicadas polo docente non serán avaliadas, salvo causa xustificada.

A nota do trimestre será a media ponderada ao peso de cada unidade que se imparta nese trimestre. A nota final do curso será o resultado de multiplicar a nota de cada unidade polo peso asignado a cada unha.

Procedemento e criterios de recuperación

Convocatoria de recuperación: poderá levarse a cabo unha proba de recuperación por trimestre, que incluírá os contidos e competencias das unidades non superadas nese período.

Formato da proba: poderá consistir en exercicios prácticos, actividades aplicadas e/ou unha proba escrita segundo a natureza dos contidos avaliados.

Cualificación: a nota final de cada unidade será a máis alta obtida entre a avaliación inicial e a proba de recuperación.

Criterios de cualificación: manteranse os mesmos criterios de avaliación e ponderación establecidos para a proba ordinaria.

Seguimento individualizado: o profesorado ofrecerá orientación e apoio específico ao alumnado que teña que recuperar, facilitando recursos complementarios ou tarefas de reforzo.

Durante o mes de xuño poderá organizarse un período de recuperación no que se proporán actividades ou probas.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En caso de non ter superada a materia tras o período de recuperación e, en todo caso, se non superou algunha avaliación, o alumnado terá unha nova oportunidade de facelo nas Probas de Recuperación Final que se programarán para o mes de xuño (previa á FCT ordinaria). Nestas probas, cada estudante terá dereito a acadar unha valoración positiva nos CAs non superados.

En caso de ter obtido nalgún trimestre unha nota inferior a 5 e non ter recuperado esa materia, a cualificación do segundo trimestre non poderá ser superior a 4 e o alumnado terá a opción de superar as partes non aprobadas (os CAs) na Recuperación Final. Para tal fin, desenvolveranse actividades de recuperación antes da sesión de Avaliación Previa á FCT e tamén no mes de Xuño.

A nota para facer os cálculos da cualificación final será a obtida nestes exames de recuperación e na valoración do traballo.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DURANTE O PERÍODO ORDINARIO DE REALIZACIÓN DA FCT:

A terceira avaliación destinarase á recuperación do alumnado que non superase a primeira ou segunda, e polo tanto non acceda a FCT, que deberán presentarse a unha proba final no mes de xuño co fin de superar as avaliacións pendentes.

Con independencia do sinalado, o profesor recomendará a realización de exercicios e actividades aos alumnos ou alumnas con dificultades de aprendizaxe da materia, para que eles poidan confeccionalos de forma autónoma. Igualmente o profesor establecerá actividades de reforzo para realizar polo alumnado con dificultades para conseguir os obxectivos do módulo.

No caso de que a profesora advirta ou observe claros indicios de que algún alumno/a copie ou intente copiar, o alumno/a quedará automaticamente suspenso/a, quedando a criterio da profesora, a posibilidade e forma de recuperación. Procederase do mesmo xeito de dous ou máis alumnos ou alumnas falan durante o exame. Para o resto de medidas contrarias á convivencia, aplicaranse as NOF do centro.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

De acordo coa Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 25.5, recoñécese o dereito do alumnado que perda o seguimento mediante avaliación continua a realizar unha proba extraordinaria previa á avaliación final dos módulos correspondentes.

Ademais, a Resolución do 27 de xullo de 2015, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de Formación Profesional do sistema educativo en Galicia, recolle no artigo 3 que a perda da avaliación

continua nun módulo producirase cando se supere o 10 % de faltas de asistencia con respecto á duración total do devandito módulo.

Para determinar a perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumnado na xustificación das faltas, e a aceptación destas estará suxeita ao establecido no Regulamento de Réxime Interno (RRI) do centro, tamén coñecido como Normas de Organización e Funcionamento (NOF).

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba escrita, na que se valorarán os contidos traballados durante o curso, tanto teóricos como prácticos. Esta proba poderá incluír:

- Preguntas tipo test ou verdadeiro/falso
- Preguntas de resposta curta
- Preguntas de resposta longa
- Resolución de exercicios ou problemas

Para aprobar o módulo, o alumnado deberá superar esta proba, que estará elaborada en base aos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

Para a realización da proba será obrigatorio traer:

- Bolígrafo azul ou negro
- Calculadora non programable (para a parte práctica)

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Polo que se refire á atención á diversidade, ao longo do curso iranse adoptando as medidas de reforzo que se consideren necesarias para o alumnado que o precise.

Deste modo, podemos describir as seguintes medidas de reforzo con carácter xeral:

- Adquisición dos criterios de avaliación: para o alumnado que o precise, repetición individualizada dalgunhas explicacións, elaboración de materiais específicos que faciliten a comprensión e consecución de pequenos logros como elementos de motivación.
- Adaptación aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades de traballo: cando a profesora o considere necesario poderá ampliar o prazo de realización e entrega de tarefas para o alumnado que presente dificultades.
- Ter en conta os intereses do alumnado sen perder de vista a funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua e formar equipos de traballo que integren alumnado con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.

Programación da educación en valores.

O artigo 13 da LOOIFP marca o currículo e os elementos básicos do sistema educativo. Neste artigo recóllese o seguinte:

«A tal fin deberá incorporar contidos culturais, científicos, tecnolóxicos e organizativos, así como contidos vinculados á dixitalización, á defensa da propiedade intelectual e industrial, á sustentabilidade, á innovación e investigación aplicada, ao emprendemento, á versatilidade tecnolóxica, ás habilidades para a xestión da carreira profesional, ás relacións laborais, á prevención de riscos laborais e medioambientais, á responsabilidade profesional, ás habilidades interpersoais, aos valores cívicos, á participación cidadá e á igualdade efectiva entre homes e mulleres».

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando os distintos bloques de contidos do módulo. Deste xeito procuraremos destacar determinados valores de forma simultánea á transmisión de coñecementos. Prestarase especial atención á celebración da Constitución, o Día 1º de Maio, o Día do Consumidor, da Saúde, de Europa, do Medio Ambiente e das Letras Galegas.

Algúns deses valores deberán ser transmitidos de maneira transversal:

- Educación ambiental, relacionada co bloque de contidos de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos), xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto da necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, co fin de favorecer a protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.
- Educación na prevención de accidentes, vinculada co bloque de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitarase este contido curricular para facer fincapé na importancia de previr accidentes de todo tipo, non só laborais, senón tamén domésticos e de tráfico.
- Educación para a saúde, presente en todo o bloque de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolarase este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta sa e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as

enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

- Igualdade de oportunidades / Rechazo do machismo / Multiculturalidade: a igualdade no acceso ao emprego é un contido curricular do módulo. Porén, débese fomentar unha posición actitudinal adecuada ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar os demais con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc., así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

Actividades complementarias e extraescolares.

- Charlas e xornadas sobre emprendemento organizadas polo centro ou por diferentes institucións como o IGAPE ou a Cámara de Comercio, en colaboración co departamento de orientación e información profesional.
- Charlas sobre igualdade.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización.
- O logro dos obxectivos programados.
- Os resultados académicos acadados.

Esta programación será obxecto de avaliación en si mesma coa finalidade de comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como establecer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

A avaliación levarase a cabo de xeito continuo e simultáneo respecto á súa posta en práctica o que permitirá a modificación da programación no momento en que se detecte a necesidade de axustarse á realidade da aula e do grupo.

O seguimento da programación reflectirase na aplicación informática web de xestión das programacións, neste seguimento constarán aquelas incidencias que o profesor observe no desenvolvemento do curso.

Outros apartados.

1. Aplicación desta programación

O alumnado que estea repetindo segundo curso pola LOMLOE e teña este módulo pendente, seralle de aplicación esta programación a pesar de estar rexida por distintas leis orgánicas.

O alumnado recibirá unha explicación detallada da programación. A continuación, asinarán un documento cun texto similar a este:

«O alumnado que asina confirma que foi informado dos contidos do módulo para este curso, da forma de avaliación en continua e sen dereito a ela, e que se lle resolveron as dúbidas manifestadas ao profesorado.»

No mesmo documento indícase que, ao estar matriculado/a na aula virtual, o alumnado terá dispoñible a programación en formato PDF (versión alumno/a).

Durante o curso resolveranse as dúbidas.